

*AS NOSAS LENDAS. DEBUXOS DOS NEÑOS E NEÑAS DE
EDUCACIÓN INFANTIL*









A PENA DO ENCANTO

The title 'A Pena do Encanto' is written in large, red, hand-drawn letters with black spots. A green snake with black spots is coiled around the letter 'A', and an orange snake with black spots is coiled around the letter 'O'.

Hai xa un cento de anos aconteceu algo que trastornou aos habitantes da parroquia de Mourence.

Na Pena do Encanto, á beira do río Trimarz había unha cova que dicían estaba ategada de serpes, existindo a crenza de que quen alí entrara non volvería saír xamais.

Certo día Benigno, o fillo máis novo de Xosé de Tabarcos saíu cedo da casa para ir aos niños. O rapaz era moi maduro para o seu tempo e nunca volvería tarde para a casa, aínda que esta vez...





Estaba anoitecendo e os pais andaban xa preocupados pola súa tardanza. Ao veren que non volvía, chamaron aos veciños e botáronse a buscalo polo monte adiante. Alguén puxo boca na Pena do Encanto, e todos enmudeceron co medo. Chegáronse alí con cautela e contemplaron abraiados como na entrada da cova, tirado no medio dunha silveira, estaba o pucho vermello de Benigno. Sen máis, deron volta cara á casa coidando que todo estaba perdido.

Volvían todos coa cabeza baixa, sen esperanza, cando de súpeto albiscaron ao pé dunha matoqueira, preto xa da casa do malpocado rapaz, un velliño que vestía roupas farrapentas. Ao se achegaren, díxollos:

- "Tolledes un ramallo de loureiro cada un e unha candeia bendita da igrexa. Ide ata a cova, poñede os ramallos uns enriba douros e prendedellos lume coa candeia. Mentres haxa lume, retade pedindo que o rapaz saia san e salvo da cova; se o facedes con devoción, volvera con vós!"

Así dixó e así foi. Máis cando quizeron agradecerlle o consello ao vello, este xa desaparecera.

Ende xamais souberon quen era, pero a todos lles quedou a imaxe da súa faciana, que aparentaba ter sufrido moito.



A PENA DO ENCANTO
REPRESENTACIÓN TEATRAL DOS NEÑOS E NEÑAS DE 3º E 4º

Música

Narrador - Hai xa un cento de anos aconteceu algo que trastornou aos habitantes de Mourence.



Música

Narrador - Na Pena do Encanto, á beira do río Trimaz, había unha cova que dicían estaba ateigada de serpes, existindo a crenza de que quen alí entrara non podería saír xamais.

(Música)

Narrador - Certo día Benigno, o fillo máis novo de Xosé de Cabarcos, saíu cedo da casa para ir aos niños.

Benigno – Mamá, mamá vou aos niños!.



Nai - Está ben pero volve cedo. Xa sabes que te quero de día na casa e... leva o pucho que vai moito sol.

(Música).

Narrador - O rapaz era moi maduro para o seu tempo e nunca volvía tarde para a casa, aínda que esta vez...

Música

Narrador - Estaba anoitecendo e os pais andaban xa preocupados pola súa tardanza (xestos)

Música

Narrador - Ao veren que non volvía chamaron aos veciños.

Veciño 1 - Xosé, Que che pasa?.

Pai- O noso Benigno que foi aos niños e aínda non voltou.
Preocupados, saíron todos a buscalo polo monte adiante.

Todos-Imos buscalo.

(Música)

Veciño 2- Benigno, Benigno, ei Benigno,
Benigno!.

Todos- Benigno, Benigno.

Veciño 3- Ese condenado, onde se metería?.

(Música)

Narrador -Alguén pucho boca na Pena do Encanto, e todos enmudeceron co medo.

Veciño 4-E si vamos á Pena do Encanto?.

Música

Veciño 5- Vinde aquí!.

Narrador -Chegáronse alí con cautela e contemplaron
abraiados como na entrada da cova, tirado no medio
dunha silveira, estaba o pucho vermello de Benigno.

Todos- Oh,oh...

Narrador -Sen máis deron volta cara á casa coidando
que todo estaba perdido.

Música

Nai- Meu neninho!.

Veciño 6- Co xeitosiño que era.

Veciño 7- E tan feitiño!.

Narrador -Volvían todos coa cabeza baixa, sen esperanza, cando de súpeto albiscaron
ao pé dunha matogueira, preto da casa do malpocado rapaz, un velliño que vestía
roupas farrapentas. Ao se achegaren, díxolles:



***Velliño**-Collède un ramallo de loureiro cada un e unha candeia bendita de igrexa. Ide ata a cova, poñede os ramillos uns enriba doutros e prendédelles lume coa candeia. Mentres haña lume, rezade pedindo que o rapaz saia san e salvo da cova; se o facedes con devoción, volverá con vós.*



Música

Todos- Miragre!.

Nai- Meu filliño!.

Narrador - Así dixó e así foi. Máis cando quixeron agradecerlle o consello ao vello...



Veciño4-Témosllo que agradecer ao velliño.

Todos- Eso. Eso!

Narrador -O velliño xa desaparecera.

Veciño1-Foise, non está.

Todos-Oh,oh!.

Veciño 2-Quen sería?.

Veciño 3-Nunca por aquí o vin.

Veciño 5-O que me quedou grabado foi a súa cara.

Veciño 6-Non debeu ter unha boa vida.

Veciño 7-Tiña cara de haber sufrido moito.

Narrador -Endexamais souberon quen era, pero a todos lles quedou a imaxe da súa faciana, que aparentaba ter sufrido moito.

Música





AO CHEGAR ALÍ A-
TOPARON NA ENTRADA
DA COVA O PUCHO
VERMELLO DE BENIGNO



DESESPERADOS
DERON A VOLT A E..
PRETO DA CASA
ATOPARON UN VELLIÑO
QUE LLES DIXO:



RAMALLOS DE..
LOUREIRO...
UNHA CANDEA
DA IGREXA...
IDE A COVA


XUNTADE RAMALLOS
DE LOUREIRO, BUSCADE
UNHA CANDEA DA IGREXA E NA
BOCA DA COVA PRENDÉDELLES
LUME COA CANDEA.



MENTRES ARDEN REZA-
DE CON DEVOCIÓN PARA
QUE BENIGNO SAIA SAN
E SALVO



Poden
Aver
de
os
m



AS LENDAS. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN FEITO POLOS ÑENOS E ÑENAS DE 6º DE PRIMARIA

A palabra lenda procede do latín “legenda” que significa o que debe ser lido, sendo unha forma de narrativa popular. Resulta difícil de delimitar o que é propiamente lexendario do que pode ser un mito ou un conto, sendo estes relatos de simple entretemento, mentras que a lenda serve para referir ou explicar feitos máis ou menos extraordinarios instrutivos e sorprendentes.

É evidente que moitos contos folclóricos teñen unha estrutura narrativa similar á das lendas e a moitos mitos por corresponder a categorías culturais similares. A diferenza fundamental entre mito, lenda e conto, non está no discurso senón na función social que desempeña, segundo o grao de credibilidade que cada relato teña ós ollos do narrador e do auditorio.

A clasificación das lendas galegas emprendeuse no século pasado polo Seminario de Estudos Galegos e de maneira especial por Vicente Risco, un eminente etnógrafo.

De acordo coa súa clasificación podemos distinguir, nas lendas a seguinte clasificación:

*-a) **etiolóxicas**, están destinadas a explicar unha etimoloxía, pode ser a orixe dun edificio, a razón dun accidente xeográfico... .*

*-b) **haxiográficas**, reférense á vida de santos e a feitos relacionados coa mesma*

*-c) **históricas**.*

*1 - **de profunda raíz popular**, destacamos as que falan de mouros, de monumentos prehistóricos míticos, de castros...*

*2- **de orixe non popular**, as que se refiren a Hércules, a Breogán, a Raíña Lupa., aínda que algunhas acadaron un marcado carácter popular. Estas lendas eran non versificadas, pero tamén podemos citar as versificadas ou romances que tamén trataban os mesmos temas.*

Vicente Risco clasificounas doutro xeito , dentro da épica popular:

_A) Versificadas

_B) Sen versificar

1-Lendas

-etiolóxicas

-históricas

-axiográficas

2- Contos

a) Tipos

- marabillosos
- exemplares
- humorísticos
- eróticos

b) Temas

- de bruxas
- de lobos
- de medo
- de curas

Outros escritores coma Leandro Carré, fai unha clasificación diferente: populares, relixiosas, fantásticas, históricas e romances.

Hai outras clasificacións, pero o que pretenden todas é facer unha diferenciación entre a lenda de orixe castelá predominantemente histórica e realista baseada en temas históricos nacionais, moriscos, fronteirizos. etc fronte a unha lenda de orixe galego con marcado carácter idealista, sendo a súa característica unha exuberante imaxinación.

Para rematar, queremos agradecerlle a Xosé María Felpeto "Chema" a súa importante e desinteresada colaboración. Visitounos un día deste curso para achegarnos un pouqiño máis ás lendas e contos da nosa zona



Este libro foi elaborado coa subvención de



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística